

EME2 PRESENTA:

# JIM é a illa do TESOURO

## GUÍA DIDÁCTICA



PRODUCE

eme2

COLABORAN

fundación sgae

TEATRO  
gorakada

# O ESPECTÁCULO

Música, acción, liortas, humor, piratas desapiadados, piratas parvos, pernas de pau, parches no ollo, papagaios, cancións corsarias, un tesouro agochado, unha illa remota e unha busca chea de aventuras. **Jim e a Illa do Tesouro** conserva todos os elementos que fixeron da peza de Stevenson o maior clásico das novelas de aventuras e unha fonte de inspiración para posteriores filmes, obras de teatro, bandas deseñadas e novelas de temática pirata. A partir do texto

clásico de R. L. Stevenson intentamos construír unha peza dinámica, áxil e divertida adaptada aos tempos de hoxe na que procuramos non caer en clichés nin tópicos e fomentar valores saudables coma a amizade.

A técnica utilizada na construción do espectáculo mestura a manipulación de obxectos (monicreques) coa interpretación actoral.

# SINOPSE

O pequeno e valente Jim Hawkins rexenta co seu pai unha pequena pousada na costa de Inglaterra. Diante do mar soña con vivir aventuras e converterse nun gran mariño. E abofé que o fará! O destino fai que chegue ás súas mans o mapa do tesouro do pirata Flint, para deste

xeito, comezar a viaxe á Illa do Tesouro. Unha viaxe onde Jim navegará por medio mundo, vivirá múltiples aventuras, cruzarase con temibles piratas (quizais non tan temibles) e descubrirá unha amizade eterna.

# ELENCO

**Idea orixinal:** Jokin Oregi, Javi Tirado, Álex Díaz

**Texto:** Jokin Oregi

**Tradución:** Sandra Romaris e Xocas López

**Dirección:** Álex Díaz e Javi Tirado

**Actores/manipuladores:** Rocío González e Toni Salgado

**Voz en off:** Afonso Agra

**Técnico:** Anxo Graña

**Música:** Santiago Ramos

**Fruta:** Óscar López

**Escenografía e monicreques:** Javi Tirado

**Vestiario:** Mari Seoane

**Iluminación:** Gaizka Rementeria

**Fotografía:** Janite

**Deseño gráfico e web:** Le Gráfica

**Deseño de produción:** Xocas López

**Produción:** Mercedes Castro

**Distribución:** Julio Perugorria





---

## AS ACTIVIDADES

As actividades propostas están destinadas a **nenos e nenas de entre 5 e 7 anos**. Se os mestres e mestras o consideran poden ser adaptadas por eles en función dos intereses do alumnado.

A proposta é unha guía para que o profesorado poida aproveitar os recursos da asistencia ao espectáculo. Nela poderá encontrar unha serie de actividades pensadas para antes e despois da asistencia á peza. Con elas buscamos desenvolver a súa creatividade, coñecemento e amor polo teatro.

O conxunto de actividades é un apoio para o profesorado e está desenvolto pensando en que non se poderá dispor máis que dun reducido espazo lectivo para o desenvolvemento das mesmas. Por iso son actividades sinxelas e de realización relativamente rápida.

---

## ANTES DE IR AO TEATRO

**1** Imos ir ao teatro! Pero antes de marcharmos debemos saber a onde imos e o que nos imos atopar aló.


**A** Sabes como se chama o teatro da túa vila? Onde está situado? Por onde se chega a el?

.....

.....

.....

**B** Na imaxe inferior podes ver como é un teatro por dentro. Sinala na imaxe as partes do teatro descritas na definición.



Salón Teatro en Santiago de Compostela

**1** **Escena/escenario:** Parte do teatro onde se fan as representacións.

**2** **Patio de butacas:** Planta baixa fronte ao escenario, onde están as butacas, nun teatro ou cine. É o lugar desde onde imos ver a función.

**3** **Pano:** Cortina que nun teatro separa o escenario dos espectadores. Sobe para dar comezo á representación e baixa para finalizala.

**4** **Palco:** Espazo independente con forma de balcón e varios asentos que hai nos teatros e noutras salas de espectáculos.

## ANTES DE IR AO TEATRO

**2** Xa sabemos como nos imos situar no teatro... pero que debemos facer nel? Ordena cronoloxicamente as accións que faremos durante a nosa estada no teatro.

- Aplaudir se nos gustou.
- Atención! Apagan as luces... silencio... o espectáculo vai comezar.
- Buscar a nosa butaca por fila e número.
- Entrar na sala.
- Ir ao baño.
- Mirar o espectáculo en silencio e con atención.
- Saír ordenadamente da sala e observar que non deixamos nada.
- Sentar.
- Falar do que acabas de ver cos/as colegas.

## DEPOIS DE IR AO TEATRO

- 1 Coloreade ao voso gusto as personaxes de Jim e a Illa do Tesouro que vos deron no teatro como programa de man recortable.

Se queredes poderdes sacarles unha foto e envialas a [emedous@emedous.com](mailto:emedous@emedous.com) ou [facebook.com/emedous](https://www.facebook.com/emedous) para que as poñamos nas redes sociais. Non esquezades poñer o nome da vosa escola, da vosa clase e dicirnos se vos gustou a obra.

FIG. 1




## DEPOIS DE IR AO TEATRO

- 1 Coloreade ao voso gusto as personaxes de Jim e a Illa do Tesouro que vos deron no teatro como programa de man recortable.


Se queredes poderdes sacarles unha foto e envialas a [emedous@emedous.com](mailto:emedous@emedous.com) ou [facebook.com/emedous](https://www.facebook.com/emedous) para que as poñamos nas redes sociais. Non esquezades poñer o nome da vosa escola, da vosa clase e dicirnos se vos gustou a obra.

FIG.2



## DEPOIS DE IR AO TEATRO

**2** Imaxinade que sodes uns piratas que como Flint tedes que esconder un enorme tesouro nunha illa remota. A costa galega está chea de recunchos e lugares afastados onde poder esconder o voso botín. E ademais tamén conta cunha boa chea de illas ás que navegar en busca de agochos.



Cando Flint quixo esconder o tesouro pensou primeiro na costa galega pero o seu mapa estaba incompleto. Dunha banda estaba o mapa e da outra unha listaxe de nomes de illas. Tenta recompoñer o mapa errado de Flint e escolle o lugar perfecto para agochar o tesouro.

- 1 Illa de Arousa
- 2 Illas Cíes
- 3 Illas Sisargas
- 4 Illa de Sálvora
- 5 Illa de Tambo
- 6 Illas Ons
- 7 Illa de Cortegada
- 8 Illa da Toxa



## DEPOIS DE IR AO TEATRO

- 3 Jim Hawkins é unha creación do autor escocés Robert Louis Stevenson que en 1883 escribiu A Illa do Tesouro. Esta novela converteuse nun clásico da literatura de aventuras a nivel mundial. Podedes lela en galego grazas á tradución que fixo Xavier Alcalá no ano 1980.

Despois de ver as aventuras que pasou o valente Jim, falemos de piratas de verdade. Sabedes que o último pirata que vogou polos mares era galego? Pois si, **Benito Soto**, o pirata da Moureira, no seu barco Burla Negra foi un dos últimos corsarios que navegou os mares do mundo.

**Como imaxinas que podería ser o tal Benito, o pirata galego?** Inventa a súa figura, fai un debuxo de como pensas que sería. Tamén podes debuxar o seu barco A Burla Negra.

## DESPOIS DE IR AO TEATRO

**4** Para rematar ímonos despedir cantando. Lembras cando Jim e Silver prepararon unha sopa de peixe? Lembras os ingredientes?

**A** Intenta completar osocos cos ingredientes da sopa de peixe. Tes algunhas pistas e adiviñas para che axudar abaixo.

Para facer unha sopa de peixe  
para toda a tripulación  
importa a calidade, pero máis a cantidade  
todos queren unha boa ración.

Para facer unha sopa de peixe  
① ..... terás que dourar  
pois o ① ..... dá sabor e así sabe mellor  
este ingrediente nunca pode faltar.

Para facer unha boa sopa de peixe  
moita verdura hai que preparar  
② ..... e ③ ..... , son moi bos alimentos  
isto comeza xa a funcionar

Para facer unha sopa de peixe  
a ④ ..... serve para alegrar  
pois con ela é máis rica, aínda que a lingua che pica

Para facer unha sopa de peixe  
Falta o ingrediente principal  
As nosas ricas ⑤ ..... , sen que teñan xa espiñas  
Porque a sopa con espiñas resulta fatal.

- ① Ten dentes e non ten boca, ten cabeza e non ten pés.
- ② Son laranxa e non son froita, veño da horta e gústolle aos burros
- ③ Algúns pequenos pican
- ④ Son unha especia, irmá do pemento
- ⑤ Por San Xoán disque mollamos o pan

**B** Fai unha lista de ingredientes que lle botarías á túa sopa de peixe

.....

.....

.....

.....

# JIM

É a illa do

# TESOURO



## GUÍA DIDÁCTICA

### **Distribución:**

Julio Perugorria

[www.emedous.com](http://www.emedous.com)

[emedous@emedous.com](mailto:emedous@emedous.com)

T.: 609 457 575

PRODUCE

**eme2**

COLABORAN

fundación  **sgae**

TEATRO  
**gorakada**